

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE

**13139** *Orde ECD/2574/2015, do 2 de decembro, pola que se aproba a metodoloxía para a determinación das tarifas xerais en relación coa remuneración exixible pola utilización do repertorio das entidades de xestión de dereitos de propiedade intelectual.*

A disposición derradeira única do texto refundido da Lei de propiedade intelectual, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1996, do 12 de abril, autoriza o Goberno a ditar as normas para o desenvolvemento regulamentario da dita lei.

Pola súa banda, o artigo 157.1.b) do citado texto legal, na súa redacción dada pola Lei 21/2014, do 4 de novembro, pola que se modifica ese texto refundido e a Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, obriga as entidades de xestión dos dereitos recoñecidos no dito texto refundido a establecer tarifas xerais, simples e claras, que determinen a remuneración exixida pola utilización do repertorio xestionado por aquelas; por tanto é necesario que o importe desas tarifas sexa establecido en condicións razoables, tendo en conta o valor económico da utilización dos dereitos sobre a obra ou a prestación protexida na actividade do usuario e buscando o xusto equilibrio entre ambas as dúas partes, para o cal se terán en conta polo menos os criterios enumerados no citado artigo 157.1.b).

O mesmo precepto establece que a metodoloxía para a determinación das tarifas xerais se aprobará mediante orde do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, logo do informe da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e do acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

A disposición transitoria segunda da Lei 21/2014, do 4 de novembro, establece así mesmo a obriga das entidades de xestión de aprobar novas tarifas xerais, adecuadas aos criterios enumerados no referido artigo 157.1.b) do texto refundido da Lei de propiedade intelectual, no prazo de seis meses a partir da entrada en vigor da orde do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte que aprobe a metodoloxía para a determinación desas tarifas.

Segundo o antes indicado, no proceso de elaboración desta orde emitiu informe a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

Por todo o anterior, de acordo co Consello de Estado e de conformidade coa Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, na súa virtude, dispoño:

#### CAPÍTULO I

##### Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Esta orde ministerial ten por obxecto desenvolver a metodoloxía para a determinación das tarifas xerais que as entidades de xestión de dereitos de propiedade intelectual deben establecer pola utilización do repertorio que xestionan, en cumprimento da obriga e dos criterios dispostos no artigo 157.1.b) do texto refundido da Lei de propiedade intelectual, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1996, do 12 de abril.

Artigo 2. *Establecemento, revisión e difusión das tarifas xerais.*

1. As entidades de xestión deberán establecer un catálogo de tarifas xerais simples e claras que determinen a remuneración exixida pola utilización do seu repertorio. O importe das tarifas establecerase en condicións razoables, tendo en conta o valor

económico da utilización dos dereitos sobre a obra ou prestación protexida na actividade do usuario e buscando o xusto equilibrio entre este e a entidade de xestión de dereitos de propiedade intelectual correspondente.

2. Para os efectos da presente orde entenderanse por tarifas simples e claras as que resulten comprensibles para o usuario e que lle permitan identificar, en cada caso, o dereito respecto das obras e prestacións do repertorio da entidade de xestión, a modalidade de explotación a que se aplican e os compoñentes nos cales se desagrega a tarifa, de conformidade co desenvolvido nos capítulos III e IV.

3. Considerarase que o importe das tarifas xerais se estableceu en condicións razoables cando a entidade de xestión de dereitos teña en conta no seu establecemento o valor económico da utilización na actividade do usuario dos dereitos sobre a obra ou prestación protexida, tendo en conta, polo menos, os criterios legalmente previstos no artigo 157.1.b) do texto refundido da Lei de propiedade intelectual, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1996, do 12 de abril, nos termos desenvolvidos no capítulo seguinte.

Así mesmo, entenderase que se busca o xusto equilibrio na determinación do importe das tarifas xerais cando as entidades de xestión teñan en conta, como parámetros de comparación, as tarifas xerais preexistentes e as tarifas aceptadas polos usuarios pola utilización do repertorio ata a data de entrada en vigor da Lei 21/2014, do 4 de novembro, pola que se modifica o texto refundido da Lei de propiedade intelectual, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1996, do 12 de abril, e pola Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil.

4. A actualización ou revisión das tarifas xerais que leven a cabo as entidades de xestión non se poderá realizar en función de prezos, índices de prezos ou fórmulas que os conteñan. En todo caso, as revisións de tarifas deberán ter en conta os criterios expostos nesta orde e axustarse ao disposto no artigo 17.

#### Artigo 3. *Tarifas negociadas.*

A metodoloxía desta orde enténdese sen prexuízo dos acordos alcanzados entre as entidades de xestión e os usuarios para aplicar tarifas distintas das xerais no marco das negociacións a que fai referencia o artigo 157.1.a) e c) do texto refundido da Lei de propiedade intelectual.

## CAPÍTULO II

### **Desenvolvemento de criterios para a determinación do valor económico da utilización dos dereitos no establecemento de tarifas xerais**

#### Artigo 4. *Criterios na determinación das tarifas xerais.*

1. Para determinar o importe das tarifas xerais aplicaranse, polo menos, os seguintes criterios enumerados no artigo 157.1.b) do texto refundido da Lei de propiedade intelectual, nos termos desenvolvidos no presente capítulo:

- a) Grao de uso efectivo do repertorio no conxunto da actividade económica do usuario.
- b) Intensidade e relevancia do uso do repertorio no conxunto da actividade económica do usuario.
- c) Amplitude do repertorio da entidade de xestión.
- d) Ingresos económicos obtidos polo usuario pola explotación comercial do repertorio.
- e) O valor económico do servizo prestado pola entidade de xestión para facer efectiva a aplicación de tarifas.
- f) As tarifas establecidas pola entidade de xestión con outros usuarios para a mesma modalidade de explotación.

g) As tarifas establecidas por entidades de xestión homólogas noutros Estados membros da Unión Europea para a mesma modalidade de uso, sempre que existan bases homoxéneas de comparación.

2. O importe da tarifa será maior canto maior sexa o grao, a intensidade e a relevancia do uso do repertorio, e a amplitude deste, así como canto maiores sexan os ingresos económicos obtidos pola explotación comercial e o valor económico do servizo prestado pola entidade de xestión.

3. As tarifas con outros usuarios para a mesma modalidade de explotación, así como as tarifas establecidas por entidades de xestión homólogas noutros Estados membros da Unión Europea para a mesma modalidade de uso, utilizaranse para os efectos de garantir que as tarifas son equitativas e non discriminatorias e que o seu importe se estableceu en condicións razoables.

*Artigo 5. O grao de uso efectivo, a intensidade do uso, a relevancia do uso do repertorio e a súa amplitude.*

1. Enténdese por repertorio as obras e prestacións cuxos dereitos xestiona unha entidade de xestión.

2. O grao de uso efectivo do repertorio referirase á utilización, por parte do usuario, no conxunto da súa actividade, do repertorio protexido, xestionado pola entidade correspondente. A determinación do grao de uso efectivo realizarase a través da identificación individualizada da utilización das obras ou prestacións que formen parte do repertorio da entidade de xestión correspondente nos termos indicados, tendo en conta criterios mesurables e obxectivos.

3. A intensidade do uso do repertorio no conxunto da actividade do usuario identificarase co maior ou menor grao de uso cuantitativo das obras ou prestacións que formen parte do repertorio representado pola entidade de xestión, de xeito que unha maior utilización das obras ou prestacións protexidas na actividade do usuario indica un uso máis intensivo do repertorio. Para os efectos da aplicación deste criterio, cada utilización repetida dunha obra ou prestación equivalerá á utilización adicional dunha obra ou prestación por primeira vez.

4. A relevancia do uso do repertorio no conxunto da actividade do usuario identificarase coa maior ou menor importancia do uso do repertorio das entidades de xestión na súa actividade. Para os efectos desta orde, é posible diferenciar entre os seguintes niveis de relevancia do uso do repertorio:

a) O uso do repertorio terá carácter principal e, por tanto, máxima relevancia cando a súa utilización sexa imprescindible para o desenvolvemento da actividade do usuario.

b) O uso do repertorio terá carácter significativo e, por tanto, unha relevancia importante cando a súa utilización altere o desenvolvemento da actividade do usuario.

c) O uso do repertorio terá carácter secundario e, por tanto, unha relevancia menor cando a súa utilización non altere o desenvolvemento da actividade do usuario.

5. A amplitude do repertorio estará referida ao número das obras e prestacións protexidas cuxos dereitos son xestionados por unha entidade de xestión.

*Artigo 6. Os ingresos económicos obtidos polo usuario pola explotación comercial do repertorio.*

1. Os ingresos económicos obtidos polo usuario pola explotación comercial do repertorio identificaranse co valor que dentro do conxunto total de ingresos de explotación do propio usuario teñan aqueles ingresos que se encontren vinculados á explotación do repertorio.

2. A maior ou menor porcentaxe dos ingresos económicos obtidos polo usuario pola explotación comercial do repertorio respecto do seu total de ingresos de explotación

deberá responder á relevancia do uso do dito repertorio na actividade, segundo o sinalado no número 4 do artigo anterior.

*Artigo 7. O valor económico do servizo prestado pola entidade de xestión para facer efectiva a aplicación de tarifas.*

1. O valor económico do servizo prestado pola entidade de xestión para facer efectiva a aplicación de tarifas correspóndese co aforro dos custos que lle supón ao usuario a utilización do dito servizo.

2. Para os efectos do seu cálculo, o valor económico do servizo prestado pola entidade de xestión poderá incluír os custos de licenza, os custos de establecemento da tarifa e os custos de control da utilización efectiva dos dereitos respecto das obras e prestacións do seu repertorio por parte do usuario. Estes deben ser, en todo caso, razoables e documentados, e establecerse de acordo con criterios obxectivos. Na determinación do valor económico do servizo prestado teranse en conta, en todo caso, os principios de eficiencia e boa xestión.

Os custos incluídos no valor económico do servizo identificaranse e xustificaranse na memoria económica prevista no artigo 17.

En relación cos custos de licenza, estes comprenderán o custo asociado á obtención do repertorio e á súa agregación a través da concertación de acordos de representación subscritos con organizacións de xestión colectiva estranxeiras, de igual ou similar categoría ou mediante os correspondentes contratos de xestión con titulares de dereitos de propiedade intelectual, para a posterior concesión de autorización para utilizalo ou para cobrar os correspondentes dereitos de remuneración, e o custo inherente á propia concesión de autorización para a utilización do repertorio.

Polo que respecta aos custos de establecemento da tarifa, estes identificaranse cos custos asociados á determinación e ao cálculo dos compoñentes en que se desgregan os prezos reflectidos nas modalidades de tarifas consideradas no artigo 13.

Entenderanse por custos de control aqueles custos en que incorre a entidade de xestión para verificar a utilización efectiva dos dereitos respecto das obras e prestacións do seu repertorio por parte do usuario.

*Artigo 8. Tarifas establecidas pola entidade de xestión para outros usuarios respecto da mesma modalidade de utilización.*

1. As tarifas vixentes para os distintos usuarios serán equitativas e non discriminatorias, sen que poidan derivar diferenzas entre usuarios para prestacións e usos equivalentes. As tarifas son equitativas e non discriminatorias cando as súas diferenzas entre usuarios responden a diferenzas obxectivas no valor económico da utilización dos dereitos en aplicación dos criterios establecidos nesta orde e doutros posibles criterios adicionais tidos en conta no establecemento das tarifas, sempre que eses criterios teñan como obxecto a determinación do valor económico da utilización dos dereitos sobre a obra ou prestación protexida na actividade do usuario.

2. A utilización de diferentes tecnoloxías para a explotación dos dereitos sobre obras e prestacións protexidas non poderá dar lugar, por si soa, a diferenzas nas tarifas xerais, salvo que estas introduzan un valor engadido á explotación da obra ou da prestación, o cal se deberá xustificar na memoria económica prevista no artigo 17.

3. No suposto de que da comparativa prevista neste artigo se deduza que se aplican tarifas diferentes a distintas categorías de usuarios para o mesmo dereito e modalidade de explotación, que utilicen o repertorio dun modo equivalente, deberase fixar para ambas as dúas categorías de usuarios a tarifa máis baixa.

Artigo 9. *Tarifas establecidas por entidades de xestión homólogas noutros Estados membros da Unión Europea para a mesma modalidade de uso.*

1. Cando existan bases homoxéneas de comparación ou estudos que evidencien a inexistencia de diverxencias obxectivas entre a xestión dos dereitos de propiedade intelectual que desenvolve a entidade de xestión e a que se leva a cabo noutros Estados membros por entidades de igual ou similar categoría, as diferenzas de tarifas para o mesmo dereito e modalidade de uso e para a mesma ou similar categoría de usuario que deriven en maiores tarifas en España deberán xustificarse atendendo a motivos obxectivos, en aplicación dos criterios establecidos nesta orde e doutros posibles criterios adicionais tidos en conta na determinación das tarifas nos termos do artigo 8.1.

2. O maior custo en que incorra a entidade de xestión para facer efectiva a aplicación de tarifas conforme o artigo 7.2 non se considerará un motivo obxectivo para aplicar maiores tarifas. Tampouco se considerará un motivo obxectivo para aplicar maiores tarifas o maior grao de concentración da oferta de dereitos sobre obras e prestacións en España.

3. Entenderase que existen bases homoxéneas de comparación entre a xestión dos dereitos de propiedade intelectual que desenvolve a entidade de xestión e a que levan a cabo noutros Estados membros entidades de igual ou similar categoría cando haxa coincidencia en elementos tales como o dereito obxecto da tarifa xestionado pola entidade de xestión, a modalidade de explotación da obra ou prestación protexida ou a estrutura do sector do mercado a que pertence o usuario.

### CAPÍTULO III

#### **Ordenación de tarifas e a súa estrutura xeral**

Artigo 10. *Esquema do catálogo de tarifas xerais.*

O catálogo das tarifas xerais establecidas polas entidades de xestión ordenarase segundo o seguinte esquema:

- a) Dereito e modalidade de explotación prevista.
- b) Categorias de usuarios segundo a súa actividade económica.

### CAPÍTULO IV

#### **Estrutura das tarifas**

##### *Sección primeira. Parte descritiva*

Artigo 11. *Definicións.*

As tarifas xerais das entidades de xestión conterán unha listaxe de definicións daqueles conceptos que sexan de utilización ao longo delas, para o cal utilizarán unha terminoloxía de uso comunmente admitida ou legalmente establecida.

Artigo 12. *Obxecto das tarifas xerais.*

As tarifas establecidas polas entidades de xestión en relación con cada categoría de usuario deberán conter o seu obxecto, especificar os dereitos respecto das obras e prestacións do seu repertorio e as modalidades de explotación a que se aplican as ditas tarifas. Así mesmo, deberase especificar se se está ante unha tarifa de uso efectivo, de uso por dispoñibilidade media ou de uso puntual; se se refire ao pagamento dun dereito de remuneración, a un dereito exclusivo ou a ambos os dous, naqueles supostos en que o texto refundido da Lei de propiedade intelectual, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1996, do 12 de abril, así o prevexa; e se tarifica unha utilización principal, significativa ou secundaria do repertorio na actividade do usuario.

## *Sección segunda. Parte económica*

### *Artigo 13. Estructuras de tarifa á disposición dos usuarios.*

1. Para cada categoría de usuarios poranse á disposición tres tipos de tarifas xerais, nos termos previstos no presente artigo, entre as cales os usuarios poderán elixir:

- a) Tarifa xeral de uso efectivo, que se determinará conforme o establecido no artigo 14.
- b) Tarifa xeral de uso por dispoñibilidade media, que se determinará conforme o establecido no artigo 15.
- c) Tarifa de uso puntual, que se determinará conforme o establecido no artigo 16.

2. As tarifas incluírán un compoñente que reflecta o prezo polo uso dos dereitos, respecto das obras e prestacións do repertorio na actividade do usuario, e outro que reflecta o prezo do servizo prestado pola entidade de xestión para facer efectiva a aplicación de tarifas.

O prezo polo uso dos dereitos reflectirá, polo menos, o grao de uso efectivo, a intensidade e relevancia do uso do repertorio no conxunto da actividade económica do usuario, a amplitude do repertorio da entidade de xestión e os ingresos económicos obtidos polo usuario pola explotación comercial do repertorio.

O prezo que deberá pagar o usuario polo servizo prestado pola entidade de xestión para facer efectiva a aplicación das tarifas xerais reflectirá os custos a que se refire o artigo 7.2, sen que en ningún caso este prezo poida superar o prezo polo uso dos dereitos.

3. As tarifas con outros usuarios para a mesma modalidade de explotación, así como as tarifas establecidas por entidades de xestión homólogas noutros Estados membros da Unión Europea para a mesma modalidade, utilizaranse na determinación da correspondente tarifa xeral para os efectos de garantir que esta se estableceu en condicións razoables.

Así mesmo, as tarifas incluírán os descontos que sobre elas se poidan aplicar baseados en criterios obxectivos, transparentes e non discriminatorios.

4. Excepcionalmente, as entidades de xestión non estarán obrigadas a establecer tarifas de uso efectivo naqueles supostos en que de xeito acumulativo non sexa posible reflectir no prezo polo uso dos dereitos o grao real de uso efectivo, a intensidade real de uso e os ingresos económicos reais obtidos polo usuario vinculados á explotación comercial do repertorio no conxunto da súa actividade, pola dificultade e o custo de delimitalos ou verificalos ou porque o custo na obtención e verificación da información precisa na determinación do grao de uso efectivo do repertorio e da súa intensidade sexa moi elevado, para a entidade de xestión ou para o usuario, en relación co prezo que resultaría de se aplicar a dita variable. As entidades de xestión non estarán obrigadas a establecer tarifas de uso puntual respecto daquelas modalidades de explotación alleas a este tipo de uso. Ambas as dúas excepcións deberanse motivar, en caso de aplicación por parte das entidades de xestión, na memoria económica a que se refire o artigo 17.

### *Artigo 14. Tarifa xeral de uso efectivo.*

1. Na tarifa xeral de uso efectivo, o prezo polo uso dos dereitos respecto das obras e prestacións do repertorio da entidade establecerase de acordo co grao real de uso efectivo, a intensidade real do uso e os ingresos económicos reais vinculados pola explotación comercial do repertorio.

2. Para efectos da determinación do prezo polo uso dos dereitos seguiranse as seguintes regras:

- a) Aplicarase un tipo de tarifa a unha base de cálculo; nos anteriores elementos deberase reflectir o emprego dos criterios para determinar o valor económico da utilización dos dereitos, nos termos establecidos nos artigos 5 e 6, e poderanse utilizar correctores de xeito xustificado.

b) O criterio dos ingresos económicos obtidos polo usuario vinculados á explotación do repertorio da entidade utilizarase na base de cálculo para obter o prezo.

c) No suposto de que non sexa posible determinar o grao real de uso efectivo do repertorio, a intensidade real do seu uso ou os ingresos económicos reais vinculados á explotación comercial do repertorio poderanse utilizar para o seu cálculo técnicas estimativas. Nese caso, as variables empregadas no cálculo estimativo gardarán unha relación o máis directa posible co parámetro estimado e utilizaranse preferentemente aquelas vinculadas ao uso efectivo fronte ao uso potencial. A elección destas variables realizarase de forma equitativa e non discriminatoria.

Na memoria económica xustificárase a imposibilidade de determinación dos parámetros, a técnica estimativa e as variables elixidas nese caso.

3. O prezo polo servizo prestado pola entidade de xestión para facer efectiva a aplicación das tarifas xerais calcularase tendo en conta os custos a que se refire o artigo 7.2.

4. A tarifa xeral de uso efectivo obterase da suma dos prezos resultantes nos números 2 e 3 do presente artigo.

#### Artigo 15. *Tarifa xeral de uso por dispoñibilidade media.*

1. A tarifa xeral de uso por dispoñibilidade media caracterizarase por que o prezo de uso dos dereitos respecto das obras e prestacións do repertorio da entidade se establecerá con independencia do grao real de uso efectivo, da intensidade real do uso e dos ingresos económicos reais vinculados á explotación comercial do repertorio.

2. Para efectos de determinar o prezo polo uso dos dereitos aplicaranse, polo menos, as seguintes regras:

a) Teranse en conta en todo caso a relevancia do uso e a amplitude do repertorio.

b) Como criterios substitutivos do grao de uso efectivo, da intensidade do uso e dos ingresos económicos vinculados obtidos pola explotación comercial do repertorio utilizaranse as medias de cada un destes criterios na mesma categoría de usuario respecto a idéntico dereito e modalidade de explotación.

3. O prezo que deberá pagar o usuario polo servizo prestado pola entidade de xestión terá en consideración que neste tipo de tarifa non é preciso controlar nin o grao de uso efectivo, nin a intensidade efectiva nin verificar os ingresos económicos reais obtidos polo usuario.

4. As circunstancias previstas nos números 2 e 3 xustificaranse de xeito específico na memoria económica recollida no artigo 17.

5. A suma dos prezos indicados nos números 2 e 3 constituirá a contía da tarifa xeral de uso por dispoñibilidade media.

#### Artigo 16. *Tarifa de uso puntual.*

1. Na tarifa de uso puntual, para os efectos de determinar o prezo polo uso dos dereitos, aplicaranse polo menos as seguintes regras:

a) Teranse en conta en todo caso a relevancia do uso e a amplitude do repertorio en relación co carácter puntual da súa utilización por parte do usuario.

b) O grao de uso do repertorio será puntual.

c) A intensidade virá determinada pola utilización dunha ou varias obras ou prestacións do repertorio na actividade puntual por parte do usuario.

d) Os ingresos económicos obtidos polo usuario pola explotación comercial do repertorio teranse en conta nas categorías de usuarios que fagan un uso principal do repertorio.

e) Cando non sexa posible determinar, no prezo polo uso dos dereitos, os ingresos económicos obtidos polo usuario pola explotación comercial do repertorio, o grao de uso

efectivo ou a intensidade de uso, pola dificultade e polo custo de delimitar os ingresos directamente vinculados á explotación do repertorio no conxunto da súa actividade ou porque o custo na obtención e verificación da información precisa na determinación directa do grao de uso efectivo do repertorio e da súa intensidade sexa moi elevado para a entidade de xestión ou para o usuario, en relación co prezo que resultaría de se aplicar a dita variable, as entidades de xestión poderán utilizar as medias deses criterios nas diferentes categorías de usuarios, para os efectos de determinar o dito prezo.

2. O prezo que deberá pagar o usuario polo servizo prestado pola entidade de xestión para facer efectiva a aplicación das tarifas xerais terá en consideración os menores custos de control do uso do repertorio e dos ingresos económicos obtidos polo usuario pola explotación comercial fóra dos supostos do punto 1.d).

3. A suma dos prezos indicados nos números 1 e 2 constituirá a tarifa xeral final por uso puntual.

#### Artigo 17. *Memoria económica xustificativa.*

As tarifas xerais irán acompañadas dunha memoria económica que se fará pública xunto con elas e que conterá unha explicación detallada por modalidade de tarifas para cada categoría de usuario, co seguinte contido mínimo:

a) Desagregación do prezo polo uso dos dereitos e do prezo polo valor económico do servizo prestado e xustificación da aplicación dos criterios empregados para determinar a tarifa nos termos desta orde.

b) Comparativa das tarifas fixadas coas establecidas para o resto de categorías de usuarios respecto do mesmo dereito e modalidade de explotación, sempre que leven a cabo un uso equivalente do repertorio. Xustificaranse as diferenzas de tarifas existentes entre as distintas categorías de usuarios respecto do mesmo dereito e modalidade de explotación nos termos previstos no artigo 8.1.

c) Comparativa coas tarifas establecidas por entidades de xestión de igual ou similar categoría noutros Estados membros da Unión Europea, aplicadas a igual categoría de usuario para o mesmo dereito e modalidade de explotación, cando existan bases homoxéneas de comparación. Xustificaranse as diferenzas de tarifas para o mesmo dereito e modalidade de uso e para a mesma categoría de usuario que comporten a aplicación de maiores tarifas en España respecto das existentes noutros Estados membros nos termos do artigo 9.

d) Xustificación baseada en criterios obxectivos, transparentes e non discriminatorios dos descontos ou bonificacións aplicables.

#### Disposición adicional única. *Novas modalidades de explotación.*

Ás novas modalidades de explotación en liña seralles de aplicación o principio de neutralidade tecnolóxica, que as entidades de xestión deberán considerar no establecemento das diferentes modalidades de tarifas xerais, nos termos establecidos no artigo 8.2.

#### Disposición transitoria única. *Aprobación de novas tarifas.*

As entidades de xestión deberán aprobar novas tarifas xerais adecuadas aos criterios establecidos no artigo 157.1.b) do texto refundido da Lei de propiedade intelectual, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1996, do 12 de abril, no prazo de seis meses a partir da entrada en vigor desta orde.

#### Disposición derradeira primeira. *Facultade de actualización e desenvolvemento.*

A Sección Primeira da Comisión de Propiedade Intelectual poderá actualizar ou desenvolver mediante resolución a presente orde, logo de informe da Comisión Nacional



dos Mercados e da Competencia. Esa resolución publicarase na páxina web da Secretaría de Estado de Cultura.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde ministerial entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 2 de decembro de 2015.–O ministro de Educación, Cultura e Deporte, Íñigo Méndez de Vigo y Montojo.